

IES “ISAAC DÍAZ PARDO” - SADA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

***Departamento de
Latín e Grego***

CURSO 2022/23

Referencias legais:

DECRETO 86/2015, de 25 de junio, por el que se establece el currículo de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia.

ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Profesores e grupos do departamento de Latín e Grego.....	5
1. <u>LATÍN 4º DE E.S.O.</u>	
a) <u>Introdución e contextualización.....</u>	5
b) <u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</u>	6
c) <u>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....</u>	8
d) <u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable</u>	8
1. <u>Temporalización</u>	
2. <u>Grao mínimo de consecución para superar a materia</u>	
3. <u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u>	
e) <u>Concrecións metodolóxicas que require a materia.....</u>	14
f) <u>Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar.....</u>	14
g) <u>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....</u>	15
h) <u>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....</u>	16
i) <u>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....</u>	17
l) <u>Medidas de atención á diversidade.....</u>	17
m) <u>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....</u>	17
n) <u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</u>	18
2. <u>LATÍN II 2º BACHARELATO</u>	
a) <u>Introdución e contextualización.....</u>	19
b) <u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</u>	19
c) <u>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....</u>	21
d) <u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:.....</u>	22
1. <u>Temporalización</u>	
2. <u>Grao mínimo de consecución para superar a materia</u>	
3. <u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u>	
e) <u>Concrecións metodolóxicas que require a materia.....</u>	27
f) <u>Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....</u>	28
g) <u>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....</u>	28
h) <u>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....</u>	29
i) <u>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....</u>	29

k) <u>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</u>	29
l) <u>Medidas de atención á diversidade</u>	29
3. GREGO II 2º de BACHARELATO	
a) <u>Introdución</u>	30
b) <u>Desenvolvemento das competencias clave</u>	31
c) <u>Concreción dos obxectivos para o curso</u>	32
d) <u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe</u>	33
e) <u>Criterios de avaliación</u>	38
f) <u>Metodoloxía didáctica</u>	39
g) <u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u>	39
h) <u>Actividades de recuperación</u>	40
i) <u>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias bacharelato</u>	40
k) <u>Contribución ao Proxecto lector</u>	40
l) <u>Materiais e recursos didácticos</u>	40
n) <u>Medidas de atención á diversidade</u>	41
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.....	42
CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	43
<u>INFORMACIÓN AO ALUMNADO</u>	43
<u>REFERENCIAS LEGAIS</u>	44

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Profesores e grupos do departamento de Latín e Grego:

O departamento é unipersonal, formado pola profesora M^a Julia Losada González, con destino definitivo no centro.

Materias do departamento:

CURSO	MATERIA	HORAS SEMANAIS	GRUPOS	TOTAL
3º ESO	Cultura Clásica	3	2	6
4º ESO	Latín	3	1	3
1º BACH	Latín I	4	1	4
2º BACH	Latín II	4	1	4
2º BACH	Grego II	4	1	4

Total horas asignadas ao departamento: 21

Todas as horas do departamento son impartidas pola xefa e único membro do departamento, agás un grupo de Cultura Clásica de 3º ESO, que o imparte un profesor do departamento de Xeografía e Historia.

1- LATÍN 4º DE E.S.O.

a) **Introdución e contextualización:**

A materia de Latín de 4º de E.S.O. é unha das dúas que o alumnado pode cursar dentro das materias de opción do bloque de materias troncais na opción de ensinanzas académicas neste segundo ciclo da etapa. Ten unha carga lectiva de 3 horas semanais.

A materia de Latín en 4º curso da E.S.O. ha de considerarse nunha dobre vertente: por un lado, pode ser unha materia que o alumnado curse un so ano académico, por ser este o último dunha etapa e, por tanto, o único contacto que algúns alumnos terán co Latín; por outro lado, pode ser para moitos, o primeiro de tres cursos da materia se optan por seguir nos estudos na modalidade de bacharelato humanístico. Isto fai que o Latín de 4º de E.S.O. deba ser un curso pechado en si mesmo e, ao mesmo tempo, a introdución para un posterior estudio máis profundo en bacharelato. Así, prantexa o reto de iniciar ao alumnado no estudo da lingua latina, pois trátase en efecto, dunha disciplina cunha dimensión fundamentalmente lingüística, pero ofrece tamén un amplo panorama de contidos culturais: contidos de carácter xeográfico, histórico, institucional, mitolóxico, arqueolóxico e artístico.

O tratamento da materia fará fincapé no legado histórico-cultural do mundo romano e no legado lingüístico do latín, destacando ao mesmo tempo o papel que este desempeña tanto na orixe e fundamento das linguas romances como da cultura occidental, é dicir, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. A comparación do latín coa lingua propia e con outras linguas modernas, propicia o seu mellor coñecemento, aprendizaxe e uso; o estudo da formación das palabras, as etimoloxías, dos latinismos en contextos axeitados e de termos científico-técnicos, permiten unha mellor comprensión do léxico de uso común e do culto. A análise sintáctica do latín abre o camiño para reflexionar sobre os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumno. O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

Na dimensión histórico-cultural o obxectivo é presentar os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas en relación co mundo actual e estimulando un achegamento crítico.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:

1- Comunicación lingüística (CCL):

É a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias, conduce sen dúbida á comprensión e ó saber comunicar.

A través do estudo da estrutura morfosintáctica do latín, chégase a unha mellor comprensión da gramática das linguas romances e daquelas que comparten co latín o carácter flexivo.

A análise dos mecanismos da formación de palabras e a evolución fonética, as etimoloxías, posibilitan a ampliación do vocabulario básico e permiten a comprensión dunha terminoloxía científica e técnica.

O enfoque evolutivo fomenta o a consciencia da variabilidade lingüística a través do tempo e dos contextos xeográficos e sociais, o interese e o respecto polas linguas, así coma a reflexión crítica sobre os estereotipos lingüísticos e culturais.

A relación cos temas culturais, cos mitos e os tópicos do mundo grecolatino conduce a un mellor coñecemento da literatura posterior na que perviven estes elementos, fomentando o interese pola lectura.

2- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

Poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

3- Competencia dixital (CD):

Deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

4- Aprender a aprender (CAA):

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de *aprender a aprender*.

5- Competencias sociais e cívicas (CSC):

Poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Esta análise debe conducir ao rexeitamento da discriminación social ou por razón de sexos e ao fomento da participación cidadá. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

6- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo. Este traballo en grupo pretende fomentar o espírito colaborativo e o afán de superación.

7- Conciencia e expresións culturais (CCEC):

Está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, ou urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso:

No 4º curso da E.S.O. a materia de LATÍN contribuirá a acadar os seguintes obxectivos:

- Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo, a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- Entender o significado do léxico común de orixe grecolatino das propias linguas e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir das súas compoñentes etimolóxicas.
- Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
- Coñecer os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

1. Temporalización.

2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os tres aspectos do epígrafe (temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos de avaliación) preséntanse na táboa que segue á carón de cada estándar de aprendizaxe. Hai que observar que moitos dos estándares de aprendizaxe son constantes progresivos no estudio do latín e que, por tanto, non se poden encadrar dentro dun momento, se non que se traballan ao longo do curso; é por iso que poden aparecer en mais dunha avaliación. Moitos dos estándares son imprescindibles tal como se formulan para superar a materia e algúns non se poden graduar, polo que ás veces coincide o grao mínimo co propio estándar. Nestes casos, sinalase como *idem*.

A relación de estándares de aprendizaxe amósase distribuída en bloques de contidos, tal como se publica no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances			
1ª AVAL./ 2ª AVAL	Localiza nun mapa a expansión da lingua latina e as principais cidades do Imperio Romano.	Traballo con utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

1ª AVAL.	<i>idem</i>	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación, incluíndo a elaboración de eixes cronolóxicos.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
1ª AVAL.	<i>idem</i>	Traballo con utilización da información e as tecnoloxías	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en

Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
1ª AVAL.	<i>idem</i>	Traballo con utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
3ª AVAL.	Distinción entre palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.	Actividades de aplicación das regras evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partir da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.
3ª AVAL.	Coñecer os cambios fonéticos máis frecuentes na evolución das palabras e os seus mecanismos de formación: composición e derivación.	Actividades de aplicación das regras evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partir da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos			
1ª AVAL.	Coñecer os diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.
1ª AVAL.	Explica a orixe do alfabeto latino. Recoñece tipos de alfabetos usados en Europa	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.
1ª AVAL.	Domina a pronuncia do alfabeto latino.	Probas orais de lectura.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

Bloque 3. Morfología			
1ª AVAL.	Adquirir unha base morfolóxica elemental: substantivos, adxectivos, pronomes e verbos.	Exercicios morfolóxicos.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios morfolóxicos.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.
1ª AVAL./ 2ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía nominal.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícalos segundo a súa categoría e a súa declinación.
2ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía nominal.	LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía verbal.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía verbal.	LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de práctica morfolóxica verbal.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de práctica morfolóxica verbal.	LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e tradución.	LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o

			participio deperfecto.
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
Bloque 4. Sintaxe			
1ª AVAL./	Análizar sintácticamente: funcións e	Exercicios de análise e traducción de	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e

Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
2ª AVAL./ 3ª AVAL.	concordancias; e traducir textos latinos sinxelos.	oracións.	sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Preguntas orais e escritas.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción e elaboración de textos.	LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción e elaboración de textos.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
2ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de análise e traducción de oracións simples..	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción de oracións e textos.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferencia as das oracións simples.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción de oracións e textos.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización			
2ª AVAL./ 3ª AVAL.	Explica as etapas da historia de Roma e os fitos históricos máis salientables e coñece os aspectos principais da organización social e política dos romanos: a familia, a vidacotía.	Traballo con utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación. Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación, incluíndo a elaboración de eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. LAB5.1.3. Pode elaborar eixes

			<p>cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información</p> <p>LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.</p> <p>LAB5.2.1. Describe os trazos</p>
--	--	--	--

Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<p>esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.</p> <p>LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.</p>
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.
2ª AVAL	Coñece os principais deuses, héroes e mitos grecolatinos establecendo comparación cos actuais.	Traballo con utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	<p>LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes</p> <p>LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.</p>
2ª AVAL.	Coñece os aspectos principais da organización social e política dos romanos: a familia, a vida cotiá.	Traballo con utilización as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	<p>LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e o cuidado persoal e contrasta os cos da actualidade.</p> <p>LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes</p>

Bloque 6. Textos			
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL.	Análizarsintácticamente: funcións e concordancias; e traducir textos latinos sinxelos.	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa traducción ou retroversión.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
Latín 4º de E.S.O.			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos e comentario dos mesmos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de elaboración de oracións e textos.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas orais.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.
Bloque 7. Léxico			
2ª AVAL.	Coñece os cambios fonéticos máis frecuentes na evolución das palabras e os seus mecanismos de formación: composición e derivación.	Exercicios de etimoloxía e evolución fonética.	LAB7.1.1. Deducer o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de etimoloxía e evolución fonética.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
2ª AVAL./ 3ª AVAL	<i>Idem</i>	Exercicios de etimoloxía e evolución fonética.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

3ª AVAL	Coñece o significado dos latinismos e locucións latinas máis frecuentes.	Rastrexar o emprego dos latinismos en diferentes tipos de textos, literarios, periodísticos ou mensaxes publicitarios, escritos nas linguas que son obxecto de estudio, e realizar algunha composición breve na que se usen conpropiedade.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propialingua.
---------	--	--	---

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia:

Os principios pedagóxicos que se estiman para o desenvolvemento dos procesos de ensino na asignatura de Latín do 4º curso de E.S.O. gardan relación cos propios desta etapa educativa e cos derivados da adquisición de competencias, e pódense formular, de xeito xeral, como os seguintes:

- Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común, coas medidas necesarias de atención á diversidade.
- Atender os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promover o traballo en equipo.
- Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, axeitando o seu logro progresivo ás características do alumnado do curso e da materia.
- Predispoñer e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados a tal fin.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- Incidir, así mesmo, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Potenciar o coñecemento aplicado, o saber práctico, fronte á aprendizaxe memorística.
- Utilizar as ideas e coñecementos previos dos alumnos como soporte para novos esquemas mentais que reformulen ou desenvolvan os dispoñibles.
- Aproximar a natureza do coñecemento a situacións cotiás e problemas prácticos, aos contextos e contornos sociais, para que a aprendizaxe resulte relevante.
- Utilizar a cooperación entre iguais como experiencia didáctica na que se poñen en xogo o diálogo, o debate, a discrepancia, o respecto ás ideas doutros, o consenso, as disposicións persoais.

Foméntase sempre a participación activa do alumnado na clase, requirindo constantemente respostas razoadas e plantexando cuestións abertas a comentarios e a debate.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar:

Neste curso entramos no proxecto EDIXGAL, os materias e recursos serán os proporcionados por dita plataforma, en concreto os da editorial EDEBÉ.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:

A continuación relaciónanse os **criterios de avaliación** establecidos para a materia:

1. Identificar en textos traducidos aspectos históricos ou culturais relacionando os datos con referentes actuais.
2. Distinguir e valorar a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.
3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.
4. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.
5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas, Facer un uso coherente das mesmas.
6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.
7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.
8. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, de forma guiada, un traballo sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Seleccionar axeitadamente a información e presentar o traballo con orde, coherencia e cohesión.

Crterios de cualificación nas avalacións parciais.

Empregarase o sistema numérico de 0 a 10, e considérase superada a materia si a cualificación é igual ou superior a 5.

Caso de constatarse que un alumno fixo un exame fraudulento, a nota dese exame será 0 e así contará a todos os efectos.

Realizaranse, polo menos, dúas probas escritas en cada avaliación parcial. Valoraranse as intervencións orais en clase, a resolución de actividades propostas (traballo diario), os traballos de investigación realizados, as lecturas obrigatorias ou voluntarias relacionadas coa materia, a participación en actividades complementarias e, en resumo, calquera dos instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado mencionados no apartado correspondente.

O resultado da cualificación obterase da seguinte forma:

- Probas escritas (dúas por avaliación): a primeira será o 40% da nota e a segunda o 60%.
- Traballo diario e participación na clase, entrega de tarefas voluntarias: valorarase para facer o redondeo da nota, ou para subir ou baixar a nota en caso de dúbida.

Na corrección de traballos e exames escritos valorarase, ademais do dominio dos contidos propios da materia, a corrección na expresión (adecuación, coherencia, cohesión), na ortografía e na presentación (caligrafía, limpeza, marxes).

O carácter progresivo da maior parte dos contidos da materia, propicia unha AVALIACIÓN CONTINUA, na que a superación de cada proba implica o dominio sobre os contidos anteriores. Isto fai que non se realicen probas de recuperación propiamente ditas.

A materia de latín é de contidos progresivos, polo tanto réxese pola avaliación continua, é dicir, a nota acadada na **3ª avaliación parcial** é a que indica o aprobado ou suspenso na asignatura; para o cálculo da nota terase en conta os dous exames realizados:

1. 1º exame vale un 40%
2. 2º exame vale un 60%

O redondeo farase atendendo aos seguintes criterios: participación na clase, tomando os apuntamentos de xeito correcto e ordenado, tendo o caderno con todos os exercicios feitos.

O alumno/a que no acade un 5 deberá presentarse ao exame de recuperación da avaliación final.

Avaliación Final e criterios de recuperación.

O alumno/a que no acade un 5 deberá realizar o exame de recuperación da avaliación final.

Dita recuperación consistirá nun exame no mes de xuño cos contidos básicos e máis importantes da materia, que se impartiron ao longo do curso; a nota de dito exame será a nota da avaliación final, para o redondeo empregaranse os mesmos criterios que para a 3ª avaliación parcial; nembargantes se a cualificación acadada neste examen fose inferior ao 5, pero chegase a un 4, poderá entregar tarefas, encomendadas polo profesor, para compensar esa nota e poder aprobar a materia.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente:

O proceso de avaliación do ensino debe centrarse tanto na aprendizaxe do alumnado, coma na propia práctica docente. Prestarase especial atención aos indicadores de logro que se mencionan, respecto aos seguintes aspectos da programación: grao de cumprimento dos Obxectivos; grao de desenvolvemento dos Contidos; axuste ao ritmo real do curso da Temporalización e a secuenciación; grao de adecuación da Metodoloxía; e resultados da Avaliación.

Para levar a cabo a avaliación deste proceso pódense combinar as seguintes actuacións: recoller información sobre as situacións a avaliar; facer valoracións sobre o proceso educativo; describir progresos e dificultades individuais; valorar a adecuación da programación didáctica; orientar e reconducir a intervención didáctica e o proceso de aprendizaxe; propoñer alternativas ás deficiencias detectadas; adaptar o proceso educativo (reforzo educativo, adaptación da programación, etc.).

A partires dos resultados destas actuacións e coa realización de probas obxectivas periódicas e actividades diarias podemos comprobar o grao de obxectivos alcanzados polo alumnado e detectar, por tanto, o grao de eficacia da práctica docente e o propio proceso de ensino. A valoración das mesmas (tanto as actuacións como as probas) servirá para adecuar o ritmo de traballo e mesmo para corrixir os erros cometidos.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Dado que a materia de Latín se imparte por primeira vez en 4º de E.S.O., non hai posibilidade de ter a materia pendente. Non procede, por tanto, elaborar nin organizar actividades para o caso.

l) Medidas de atención á diversidade:

A prol da individualización do ensino hanse programar medidas xerais de adaptación á diversidade tales como actividades que sirvan de reforzo na aprendizaxe aos estudantes con mais

dificultades ou menos destrezas e actividades que amplíen o coñecemento de quen sobrepase o grao de desenvolvemento cognitivo propio do grupo.

Para atender aos diferentes niveis posibles dun grupo, tratárase de preparar exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua, pode darse o caso de que o discente non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas nais: nese caso haberá que proporcionarlle exercicios en galego ou castelán antes de chegar ao latín. Ao alumnado máis avantaxado pódenselle proporcionar exercicios de maior dificultade ou tarefas alternativas, que lle sirvan como reforzo.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda:

Existen varios tipos de circunstancias nas que incorporar e tratar os temas transversais: facelos coincidir coas datas nas que a sociedade os conmemora (día dos dereitos humanos, da muller traballadora, de Europa...) ou coas campañas de sensibilización (o racismo, a familia...); ou optar por un tratamento interdisciplinar, poñéndose dacordo coas áreas implicadas para tocar o tema todos á vez, aproveitar as situacións que xurdan espontaneamente para provocar a reflexión, mandándolle ao propio alumnado que procure máis información do profesorado da área implicada e poñendo a este sobre aviso para que se adiante a favorecer a reflexión.

Moitas veces xurdirán os temas a partir dos textos que se analizan, outras serán enunciados como manifestación das propias inquiredanzas dos alumnos. Nas dúas primeiras circunstancias apuntadas partirase de textos buscados *ad hoc* polo docente. Así, v.g., na educación para a saúde, usaremos textos que teñan que ver co exercicio físico e os deportes, a alimentación, as comidas, o uso das drogas, fundamentalmente do alcohol -na figura de Baco-, etc. Para a igualdade de sexos, autores que traten o tema do machismo, da familia ou da dignidade da persoa -v.g., Séneca-, ou mitos que traten a diferente forma de entender os roles masculino e feminino. Para a educación para a paz, textos sobre guerras, sobre a romanización, etc. Para a educación ambiental nada mellor que unha perícopa co tópicos do *locus amoenus*, aínda que tamén utilizaremos *Bucólicas* e *Xeóricas*, de Virxilio. Para o lecer, un texto sobre as termas, entre outros. Para a educación vial, textos sobre as calzadas e os miliarios e topónimos que fagan referencia a eles.

n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

A reflexión e a autoavaliación no desenvolvemento da programación didáctica irá permitindo a adecuación ás circunstancias concretas do curso. Ao finalizar cada unidade didáctica farase o estudio que permita avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora. As incidencias máis salientables ao respecto recolléranse nas actas de reunión do departamento.

Para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, ao final de cada trimestre, observarase o máis positivo e o que se poidera mellorar dos aspectos máis relevantes, para así poder recoller as melloras no seguinte. Poderíanse recoller anotacións nunha táboa coma esta para darlle visibilidade.

2- LATÍN II 2º BACHARELATO

a) Introducción e contextualización:

Latín II é unha materia do bloque de materias troncais na modalidade de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais para o itinerario de Humanidades, segundo o establecido no Capítulo II, Artigo 31 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

A materia de Latín II no segundo curso de Bacharelato pretende que o alumno que xa cursou Latín I siga descubrindo as raíces da nosa realidade sociocultural e lingüística. Por iso, o desenvolvemento da materia irá acompañado sempre dunha reflexión sistemática sobre os seguintes puntos:

- Análise das estruturas lingüísticas que presenta o latín, centrándose primordialmente neste curso nas estruturas sintácticas e na subordinación, e a súa influencia sobre a lingua propia.
- Descubrimento da relación existente entre a cultura latina, en todos os seus ámbitos, centrándose primordialmente neste curso no eido da literatura.

Por tanto, a materia segue tendo neste segundo curso como principais finalidades esenciais a lingua e a cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental: o que coñecemos como herdanza clásica.

Abordarase, por conseguinte, como continuidade do Latín I de 1º de bacharelato, aínda que, engadindo e afondando nos contidos que o *grupo de traballo para a materia Latín II da Comisión Interuniversitaria de Galicia* propón para as probas da ABAU (Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade) toponimia, aforismos e locucións, composición e derivación, ademáis dos contidos sintácticos, morfolóxicos e de literatura, que serán de aplicación práctica aos textos que se deben traducir.

* Algúns dos apartados da programación de Latín II coinciden completamente co programado para Latín I, dado que son materias de continuidade que comparten obxectivos e contidos, aínda que con distinto grao de afondamento. É por iso, e para evitar repeticións innecesarias, que se remitirá ao programado para Latín I nesta mesma programación.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:

Comunicación lingüística (CCL):

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias.

Contribuirá ao desenvolvemento desta competencia o feito de interpretar a información nun texto descubriendo o latín como unha lingua viva cun gran legado, coñecendo a estrutura da lingua latina e achegándose á comprensión da gramática funcional das linguas europeas a través da interpretación dos elementos morfosintácticos e da práctica da tradución.

Así mesmo, axudarán á desenvolver esta competencia a adquisición e o aprendizaxe dun vocabulario específico relacionado co latín mediante o estudo da formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética, usando a linguaxe como instrumento de comunicación, coñecendo as etimoloxías de orixe grega e latina do vocabulario culto e o específico da ciencia e a técnica, fomentando o interese e respecto por todas as linguas; a recuperación da información dun texto identificando as ideas xerais e secundarias, propoñendo exemplos e identificando os seus rasgos característicos; a organización da información dun texto e a reflexión sobre ela identificando presuposicións, formándose unha opinión, xustificando o seu punto de vista, separando feitos de opinións e de hipóteses verosímiles.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

Competencia dixital(CD):

Preténdese o achegamento do alumnado as fontes de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente no relativo as novas tecnoloxías como instrumento utilísimo para busca de información sobre o mundo antigo, empregando páxinas *web* na recollida de fontes, análise desas fontes comparando entre elas a investigando contradicións e diverxencias, e integración da información proporcionada por fontes diversas. Todo elo ten que ir unido ao desenvolvemento da capacidade crítica do alumnado para poder valorar esas fontes (utilidade, obxectivos, grao de fiabilidade ou manipulación...).

Aprender a aprender (CAA):

Esta competencia permitirá ao alumnado unha certa autonomía na súa relación coas fontes ás que poderá enfrontarse nos seus estudos posteriores, dotándoos dos medios para tratar correctamente a información mediante técnicas e habilidades de estudo.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Contribuirá ao desenvolvemento desta capacidade: reflexionar sobre a estrutura da lingua latina, investigando a orixe das palabras, estudando o legado da lingua latina nas linguas romances e

non romances e realizando actividades sobre a lingua; traballar con distintas fontes de información, redactando textos descritivos de carácter histórico, biográfico ou mitolóxico, elaborando xustificacións, distinguindo os factores determinantes nunha situación (causas, desenvolvemento e consecuencias) e suliñando ideas principais e secundarias; elaborar resumos e realizar traballos por escrito coas súas partes ben diferenciadas.

Competencias sociais e cívicas(CSC):

Estas competencias poderán desenvolverse a través do estudo da sociedade e a política no mundo romano, para reflexionar sobre a evolución da condición da muller, a orixe do pensamento democrático, a importancia do diálogo, o respecto polas opinións dos demais, e a tolerancia cara á outros xeitos de entender a vida. As habilidades que se potenciarán serán: a reflexión crítica sobre as ideas de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade e participación cidadá, atendendo principalmente aos dereitos e deberes (no pasado e no presente), a empatía, o exercicio do diálogo, a participación en debates, o uso do xuízo moral para elixir e tomar decisións e a valoración dos intereses persoais e de grupo á hora de tomar decisións.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE):

Trátase da potenciar valores importantes no ser humano como o autocontrol, a autoestima e a creatividade que permitan ao alumnado formarse como persoas e enfrontarse ás diferentes situacións na vida, asumindo situacións particulares, mediante a toma de decisións e a defensa da propia opinión, con argumentos razoados que aumenten a confianza en si mesmos na busca de solucións aos problemas. Isto pódese levar a cabo animándoos a tomar decisións e a elixir con criterio propio, criticar posturas, defender os seus argumentos e imaxinar como cambiaría unha situación se tivese cambiado algunha das causas que a produciron.

Para o desenvolvemento desta competencia sempre se aproveitará a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Conciencia e expresións culturais(CCEC):

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente nesta materia, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Será frecuente o uso da obra de arte como fonte de información e como estímulo para a formación do seu espírito estético e o respecto pola herdanza cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico.

Cofecer e valorar todas as manifestacións culturais e artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A contribución da materia a esta competencia é innegable e se materializa no desenrolo de habilidades como: interpretación de planos de monumentos antigos; análise de obras de arte para sacar información histórica e social; valoración da importancia do patrimonio cultural doutras épocas; análise da pervivencia do pasado no presente; interpretación dos símbolos nas obras de arte; adquisición dun vocabulario específico; comparación dos distintos estilos e correntes artísticas; representacións creativas sobre un tema; interpretación de fontes iconográficas e a súa correcta adscripción a unha época determinada.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso:

Aínda que os obxectivos da materia coinciden en xeral para 1º e 2º de bacharelato, podería concretarse con esta enumeración:

1. Identificar e analizar en textos latinos os elementos da morfoloxía irregular e da sintaxe da subordinación e comentar as súas variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas polo alumno.
2. Resumir, oralmente ou por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios, elaborando esquemas básicos do seu contido e diferenciando as ideas principais das secundarias.
3. Traducir de xeito coherente ao galego ou castelán textos latinos de diversos xéneros literarios.
4. Comparar o léxico latino có doutras linguas coñecidas e deducir regras básicas de derivación e composición.
5. Identificar palabras de orixe grecolatina en textos propios das materias de estudio e explicar o seu significado.
6. Contrastar trazos lingüísticos da lingua latina cos da lingua materna e os doutras linguas obxecto de estudo.
7. Elaborar traballos monográficos manexando fontes de diversa índole sobre temas de interese.
8. Producir textos breves en latín de retroversión, utilizando as estruturas propias da lingua latina.
9. Comentar os elementos esenciais de textos traducidos pertencentes a diversos xéneros literarios: tema, estrutura etc.
10. Caracterizar e diferenciar os xéneros da Literatura Latina, buscando en obras da literatura posterior pegadas da súa permanencia.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

Ao igual que para Latín I, hai que observar que moitos dos estándares de aprendizaxe son constantes progresivos no estudo do latín e que, por tanto, non se poden encadrar dentro dun momento, senon que se traballan ao longo do curso. E moitos dos estándares son imprescindibles tal como se formulan para superar a materia e algúns non se poden graduar, polo que ás veces coincide o grao mínimo co propio estándar. Nestes casos, sinálase como *idem*.

A relación de estándares de aprendizaxe amósase distribuída en bloques de contidos, tal como se publica no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

	Latín II. 2º de bacharelato		
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
1ª AVAL/ 2ª AVAL/ 3ª AVAL	<i>idem</i>	Actividades de aplicación das regras evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partires da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos.	LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso
1ª AVAL.	<i>idem</i>	Actividades de aplicación das regras	LA2B1.2.1. Realiza evolucións de

Latín II. 2º de bacharelato			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partires da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos.	termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.
1ª AVAL.	<i>idem</i>	Actividades de aplicación das regras evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partires da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos.	LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.
Bloque 2. Morfoloxía			
1ª AVAL.	<i>idem</i>	Exercicios morfolóxicos.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios morfolóxicos.	LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas de morfoloxía e traducción.	LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
Bloque 3. Sintaxe			
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción de oracións	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a

Latín II. 2º de bacharelato			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		e textos.	análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción e elaboración de textos.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción e elaboración de textos.	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para tradúcelos cos seus equivalentes en galego e en castelán.
2ª AVAL./ 3ª AVAL.	Analiza e traduce oracións simples e compostas.	Exercicios de traducción de oracións e textos.	LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de traducción de oracións e textos.	LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
Bloque 4. Literatura Latina			
2ª AVAL./ 3ª AVAL.	Coñece as características dos xéneros literarios latinos e autores principais e obras.	Traballo con utilización as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación. Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación, incluíndo a elaboración de eixes cronolóxicos.	LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.
			LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
			LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.
			LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
3ª AVAL.	Coñece as características dos xéneros literarios latinos e autores principais e obras. Coñece as características dos xéneros	Probas escritas nas que se valora a capacidade de síntese e asimilación, incluíndo a elaboración de eixes cronolóxicos.	LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.
			LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso
3ª AVAL.		Traballo con utilización as	

Latín II. 2º de bacharelato			
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	literarios latinos e autores principais e obras.	tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos daliteratura contemporánea
3ª AVAL.	Coñece as características dos xéneros literarios latinos e autores principais e obras.	Traballo con utilización as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a súa presentación.	LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/ as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.
Bloque 5. Textos			
1ªAVAL/ 2ªAVAL/ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
1ª AVAL.	<i>Idem</i>	Probas escritas e orais de traducción de oracións e textos.	LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución dotexto.
3ª AVAL.	Recoñece as características fundamentais duntexto.	Probas escritas e orais de traducción e comentarios de textos.	LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios detextos.
3ª AVAL.	Recoñece as características fundamentais duntexto.	Probas escritas e orais de traducción e comentario de textos.	LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.
1ª AVAL.	Recoñece as características fundamentais duntexto.	Probas escritas e orais de traducción e comentario de textos.	LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.
Bloque 6. Léxico			
1ªAVAL/ 2ªAVAL/ 3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de etimoloxía e evolución fonética.	LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Exercicios de etimoloxía e	LA2B6.2.1. Deduce o significado

		evolución fonética.	de palabras e expresiónslatinas
	Latín II. 2º de bacharelato		
Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas quecoñeza.
1ª AVAL./ 2ª AVAL./ 3ª AVAL	<i>Idem</i>	Exercicios de etimoloxía e evolución fonética.	LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e docastelán.
3ª AVAL	<i>Idem</i>	Rastrexar o emprego dos latinismos en diferentes tipos de textos, literarios, periodísticos ou mensaxes publicitarios, escritos nas linguas que son obxecto de estudio, e realizar algunha composición breve na que se usen con propiedade.	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa,médica e científica.
3ª AVAL.	<i>Idem</i>	Rastrexar o emprego dos latinismos en diferentes tipos de textos, literarios, periodísticos ou mensaxes publicitarios, escritos nas linguas que son obxecto de estudio, e realizar algunha composición breve na que se usen con propiedade.	LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia:

Os textos serán o punto de partida para tratar os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Evitarase a exposición sistemática e exhaustiva das regras gramaticais previamente á análise e tradución dos textos, deixando ampla marxe a capacidade do alumno de inferir as regras a partir da propia observación.

Proporcionarase aos alumnos as pautas necesarias para consolidar os propios recursos e técnicas de traballo, manexando diversas fontes e materiais.

Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan ao alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

f) Materiais e recursos didácticos que se vai a utilizar:

Para este curso non é obrigatorio o uso de ningún manual ou libro de texto. Será necesario, sen embargo, o uso do dicionario, sendo axeitado calquera dos dicionarios manuais que se editan e comercializan. Proporcionarase aos alumnos material con textos para traballar na tradución (selecta de Eutropio e de Fedro) Recorreremos ademais ao material bibliográfico da Biblioteca, a documentais e videos, películas e Internet que poderán axudar a contextualizar os períodos históricos e os contidos literarios.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible hoxe en día, como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:

Resúmense os **criterios de avaliación**, sen perder de vista que a técnica fundamental de avaliación é, para esta lingua non instrumental, a realización de actividades relacionadas cos textos latinos orixinais, nos que o alumnado deberá ser capaz de identificar e analizar os elementos da morfosintaxe e de traducilos con coherencia:

1. Verter á lingua galega ou á lingua castelá textos latinos pertencentes a distintos xéneros literarios con coherencia.
2. Resumir textos latinos, diferenciando a xerarquía das ideas expresadas.
3. Recoñecer a orixe latina e a evolución fonética, morfolóxica e semántica no léxico das linguas que fala e deducir regras básicas de derivación e composición.
4. Relacionar os elementos gramaticais e léxicos básicos do latín e os das outras linguas que coñece.
5. Planificar e realizar traballos de investigación sobre as pegadas da romanización a partir do manexo de fontes diversas.
6. Identificar e comentar os elementos esenciais de textos de diversos xéneros literarios e de recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.
7. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.
8. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.
9. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

Criterios de cualificación:

Empregarase o sistema numérico de 0 a 10, e considérase superada a materia si a cualificación é igual ou superior a 5.

Caso de constatarse que un alumno fixo un exame fraudulento, a nota dese exame será 0 e así contará a todos os efectos.

En cada avaliación haberá dúas probas: a súa estrutura será a marcada pola CIUG de cara á preparación da ABAU; polo tanto a cualificación outorgada a cada apartado será a mesma.

A primeira proba será o 40% da nota e a segunda o 60%.

Para o cálculo do redondeo da nota valoraranse as intervencións orais en clase, a resolución de actividades propostas, os traballos de investigación realizados, e, en resumo, os instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado mencionados no apartado correspondente.

Na corrección de traballos e exames escritos valorarase, ademais do dominio dos contidos propios da materia, a corrección na expresión (adecuación, coherencia, cohesión), na ortografía e na presentación (caligrafía, limpeza, marxes).

O carácter progresivo da maior parte dos contidos da materia, propicia unha AVALIACIÓN CONTINUA, na que a superación de cada proba implica o dominio sobre os contidos anteriores. Isto fai que non se realicen probas de recuperación propiamente ditas.

Ao ser unha materia de avaliación continua a nota da 3ª Avaliación será a nota da Avaliación Ordinaria; no último exame da 3ª Avaliación entrarán todos os contidos do curso.

O alumno que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño; os contidos e os criterios serán os mesmos que para a avaliación ordinaria.

h) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Non hai alumnado este curso coa materia pendente.

i) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato:

Non hai alumnado nesta situación no presente curso.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados:

Realizarase unha proba inicial cun texto latino que o alumnado debe analizar sintáctica, morfolóxicamente e traducir: observarase, deste xeito, o nivel xeral do grupo e a competencia individual.

l) Medidas de atención á diversidade:

Non hai alumnado con esta circunstancia, de xurdir o caso, aplicaríanse os protocolos vixentes e as indicacións do departamento de orientación.

3- GREGO 2º de Bacharelato

a) Introducción e contextualización

A materia de Grego forma parte do grupo de materias troncais de opción na modalidade de bacharelato humanístico en 1º e 2º de Bacharelato.

Na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir ao alumnado nos coñecementos básicos da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algún dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós una boa parte do denominado legado clásico.

A través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

O estudo da materia organizase en bloques temáticos, que en cada curso son os seguintes: Este curso non hai a materia Grego I, pero é preciso facer referencia a ela, debido aos contidos que non fóron impartidos o curso pasado, integraránse nos contidos deste ano, ben ao facer una revisión ou repaso do curso pasado, ben explicando o que quedou por dar.

Primeiro curso de bacharelato:

Bloque 1: Lingua Grega.

Bloque 2: Sistema de Lingua Grega: elementos básicos.

Bloque 3: Morfoloxía.

Bloque 4: Sintaxe.

Bloque 5: Grecia: Historia, cultura, arte e civilización.

Bloque 6: Textos.

Bloque 7: Léxico.

Segundo curso de bacharelato:

Bloque 1: Lingua Grega.

Bloque 2: Morfoloxía.

Bloque 3: Sintaxe.

Bloque 4: Literatura.

Bloque 5: Textos.

Bloque 6: Léxico.

Pódese apreciar que nos dous cursos hai unha dedicación tamén ao estudo de aspectos culturais da civilización grega, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural. Dentro destas, merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental.

Preténdese tamén iniciar ao alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan a escultura e a arquitectura.

Neste bloque establecerase sempre unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No derradeiro curso, o estudo da cultura grega oríentase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza,

igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, no estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo, aínda que se esquezan os contidos concretos.

b) Competencias clave

1. Competencia en comunicación lingüística

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

Esta materia contribúe á competencia matemática cando os alumnos elaboran ou interpretan mapas e traballan con elementos espaciais, así como cando utilizan e analizan gráficos referentes á xeografía e poboación dos antigos gregos.

A adquisición dun vocabulario científico-técnico procedente de lexemas gregos axuda notablemente a alcanzar os coñecementos científicos que permiten desenvolver as competencias básicas en ciencias e tecnoloxía. Non en vano foron o spensadores gregos os primeiros que codificaron de alguna maneira a linguaxe científica.

3. Competencia dixital

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

4. Aprender a aprender

O profesorado que imparte esta materia deberá xerar a suficiente curiosidade nos alumnos por coñecer o mundo clásico, a necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, como os culturais, reflexionando sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén se deberá producir una continua e axeitada reflexión sobre o proceso de aprendizaxe dunha lingua clásica partindo dos coñecementos previos das súas propias linguas. Os alumnos deberán participar na creación de estratexias posibles para a adquisición dos coñecementos lingüísticos que nos achegan ao estudo do grego clásico.

5. Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundogrego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre

á una valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

6. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

7. Competencia en conciencia e expresións culturais.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademáis de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais e artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexan as páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

c) Concreción dos obxectivos xerais da materia de Grego:

A materia de Grego se concibe nos dous cursos de Bacharelato como unha introdución xeral á lingua grega antiga, máis concretamente ao ático clásico dos séculos V-IV a. C., a través de textos orixinais aínda que durante o primeiro curso requirirá adaptacións que os simplifiquen.

A lingua será o vehículo privilexiado de acceso aos contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, etc., polo que na súa aprendizaxe se considerarán prioritarios non só a morfoloxía, senón a formación e derivación de palabras, a sintaxe e o léxico. Non se trata únicamente de que o alumnado aprenda grego, senón de que sexa consciente das raíces históricas das súas propias linguas e culturas.

A ensinanza do grego no bacharelato terá como finalidade a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega e iniciarse na interpretación, comprensión e comentario de textos gregos d ecomplexidade progresiva.
2. Coñecer o léxico de orixe grega presente nas nosas linguas(galego e castelán) e na terminoloxía científica e técnica das linguas modernas, a partir do coñecemento dos étimos, prefixos e sufixos de orixe grega e dun vocabulario grego básico.
3. Interpretar e comprender textos gregos, orixinais, adaptados ou traducidos, e reflexionar sobre os elementos fundamentais que os constitúen, afondando no estudo das estruturas lingüísticas e mellorando o coñecemento das propias linguas.
4. Utilizar de maneira crítica diferentes fontes de información sobre a Grecia antiga e a súa influencia ao longo da historia, co fin de coñecer e valorar axeitadamente a súa pervivencia no mundo actual, tendo como ferramentas fundamentais as tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Introducirse no estudo da literatura grega, afondando no coñecemento das características dos diferentes xéneros e os autores e obras máis representativas.
6. Introducirse no estudo da cultura grega, nas súas diferentes manifestacións artísticas.
7. Adquirir destreza no manexo de documentos e fontes de información de diversa índole.

d) Estándares de aprendizaxe.

GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.

GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.

GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.

GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.

GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.

GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.

GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía, describindo os trazos que distinguen a uns doutros.

GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.

GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada una delas.

GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.

GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e saber describilos desde o punto e o modo de articulación.

GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán.

GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.

GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.

GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.

GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.

GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.

GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.

GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.

GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.

GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.

GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando

correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as función que realizan no contexto.

GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas función dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.

GR1B4.3.1. Coñece e explica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.

GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.

GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.

GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.

GR1B4.7.1. Identifica as función das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.

GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.

GR1B4.9.1. Identifica as función das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.

GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.

GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.

GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.

GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.

GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.

GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.

GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.

GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.

GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.

GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto.

GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.

GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.

GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.

GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.

GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.

GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

Estratexias para valorala:

Seguimento das actividades de clase/casa

Observacións en clase

Exercicios prácticos corrixidos en grupo.

Probas escritas

Lectura e comentario de textos.

Exposicións orais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Estándares de aprendizaxe:

GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

Estratexias para valorala:

Actividades de comprensión e interpretación de información presentada en formato gráfico.

Realización de esquemas e mapas.

Competencia dixital (CD)

Estándares de aprendizaxe

GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.

GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cadaun a conexión máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.

Estratexias para valorala:

Actividades sobre busca de información en internet.

Elaboración de información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.

Tarefas realizadas en soporte multimedia.

Aprender a aprender (CAA) Estándares de aprendizaxe

GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea. GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.

Estratexias para valorala:

Seguimento das actividades de clase/casa

Participación activa na clase

Corrección conxunta de actividades, traballos e exames, respectando a quenda de palabra e a crítica dos compañeiros.

Realización de tarefas.

Competencias sociais e cívicas (CSC) Estándares de aprendizaxe.

GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cadaun a conexión máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.

GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais os papeis asignados a cadaunha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos d época e compáraos cos actuais.

GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cadaun dos seus

membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

Estratexias para valorala:

Observación de actitudes e comportamentos na aula.

Probas escritas.

Seguimento das actividades de clase/casa.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Estándares de aprendizaxe

GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

Estratexias para valorala:

Seguimento das actividades de clase/casa.

Observación de actitudes na aula.

Probas escritas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). Estándares de aprendizaxe

GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.

GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un a conexión máis importantes con outras civilizacións.

GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unas a outras.

GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.

GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e héroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do héroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, asociándoos a outras características culturais propias de cada época.

GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, poñendoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.

GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos d'antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.

GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

Estratexias para valorala:

Participación activa na clase.

Lectura de textos literarios gregos na clase.

Traballos sobre temas que impliquen respecto e valoración do patrimonio cultural nas súas múltiples facetas.

Obxectivos de Grego II.

Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega, iniciándose na interpretación e tradución de textos en grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa,

estudando o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos-

Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a una mellor comprensión da lingua propia e das linguas modernas.

Analizar textos gregos, orixinais, adaptados e traducidos, realizando una lectura comprensiva e distinguindo as súas características principais e o xénero literario ao que pertencen.

Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e da cultura estudadas.

Recoñecer e valorar a contribución da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.

Contidos (estándares de aprendizaxe).

1ª AVALIACIÓN:

Bloque 1. Lingua grega

Varietades dialectais (GR2B1.1.1.)

Historia da lingua grega: dende o grego clásico ata o grego moderno (GR2B1.2.1., GR2B1.3.1.)

Bloque 2. Morfoloxía

Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares (GR2B2.1.1.)

Revisión da flexión verbal: conxugación temática e aтемática. Modos e tempos verbais (GR2B2.2.1.)

Análise morfolóxica (GR2B2.2.1., GR2B2.4.1., GR2B2.5.1.)

Bloque 3. Sintaxe

Profundizar na sintaxe: sintaxe dos casos e das preposicións (GR2B3.1.1., GR2B3.2.1.)

Os usos modais da lingua grega (GR2B3.3.1.)

Oracións compostas. Formas de subordinación. Tipos de subordinadas (GR2B3.5.1., GR2B3.7.1., GR2B3.7.2.)

A subordinación (I): oracións subordinadas adxetivas ou de relativo

Bloque 4. Literatura

A épica grega: os poemas homéricos (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

A historiografía grega: autores representativos e obras (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

Bloque 5. Textos

Profundizar nas técnicas e na práctica da tradución de textos gregos. (GR2B5.1.1.)

Uso do dicionario (GR2B5.2.1.)

Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa (GR2B5.3.1.)

Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos (GR2B5.4.1.)

Bloque 6. Léxico

Insistencia na aprendizaxe d evocabulario, reforzando os coñecementos do curso anterior.

Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común (GR2B6.1.1., GR2B6.2.1.)

2ª AVALIACIÓN:

Bloque 3. Sintaxe

Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal (GR2B2.1.1)

Sintaxe das formas non persoais do verbo: construcións de participio e infinitivo (GR2B3.6.1)

A subordinación (II): as oracións subordinadas substantivas ou completivas; tipos (GR2B3.6.2., GR2B3.7.1.)

Bloque 4. Literatura

A lírica grega: autores máis representativos (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

O teatro grego: a traxedia; autores representativos e obras (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

Bloque 5. Textos

Tradución e interpretación de textos gregos (GR2B5.1.1.)

Uso do dicionario (GR2B5.2.1.)

Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa (GR2B5.3.1.)

Bloque 6. Léxico

Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica (GR2B6.3.1., GR2B6.3.2., GR2B6.4.1.)

3ª AVALIACIÓN:

Bloque 3. Sintaxe

A subordinación (III): as oracións subordinadas adverbiais (GR2B3.5.1., GR2B3.7.1., GR2B3.7.2.); tipos: causais, temporais, finais, consecutivas, comparativas, condicionais, concesivas-

Bloque 4. Literatura

O teatro grego: a comedia; autores máis representativos e obras (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

A oratoria grega; autores representativos e obras (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

A fábula; autores máis representativos e obras (GR2B4.1.1., GR2B4.2.1., GR2B4.2.2., GR2B4.3.1., GR2B4.4.1., GR2B4.5.1.)

Bloque 6. Léxico

Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua (GR2B6.5.1.)

Descomposición de palabras nos seus formantes (GR2B6.6.1., GR2B6.6.2.)

e) Criterios de avaliación

1. Identificar con precisión e explicar os tipos (regulares e irregulares) da flexión nominal e verbal, vinculando a forma gramatical coa súa categoría e función sintáctica.
2. Identificar con precisión os principais tipos oracionais, estruturando o texto en función das formas verbais e os nexos que a relacionan.
3. Aplicar as pautas de análise lingüística para a correcta interpretación global e tradución literal de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.
4. Coñecer o contexto cultural, social e histórico dos textos traducidos.
5. Recoñecer en palabras da propia lingua e doutras que se cursan na etapa os prefixos, sufixos e lexemas de orixe grega, tanto na lingua común como na linguaxe literaria e filosófica.
6. Ter una visión panorámica dos xéneros literarios gregos (características xerais, autores e obras), así como establecer relación e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.
7. Identificar e analizar en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación.
8. Traducir e comentar textos gregos con axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.
9. Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
10. Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.
11. Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciais.

f) Metodoloxía didáctica:

Faise evidente que unha materia como o Grego, pola novidade que supón para os alumnos e alumnas, obriga a introducilos progresivamente no coñecemento da nova lingua, familiarizándoos dende o principio cos elementos básicos: o alfabeto grego (escritura e pronunciación das letras) e os signos de acentuación e puntuación.

Isto haberá de conseguirse con repetidos exercicios prácticos na aula e na casa que reforzarán as explicacións teóricas previas desenvolvidas na clase ata adquirir práctica e soltura.

As exposicións teóricas da morfoloxía nominal e verbal así como o estudo da sintaxe grega haberán de ser íntimamente combinadas coa realización diaria de prácticas, de tal maneira que os alumnos vexan así favorecido o seu progreso de aprendizaxe e asimilación de contidos. Consegur este obxectivo obriga por igual a profesor e alumnado na tarefa común do curso.

Pero o obxectivo desta materia non é exclusivamente introducirá os alumnos de Bacharelato no coñecemento da lingua grega, senón tamén da súa cultura; non podemos esquecer que o valor formativo do Grego no Bacharelato deriva da súa dobre condición de modelo lingüístico e cultural. Para levar a cabo este fin non hai mellor instrumento que a lectura das obras clásicas, completas ou fragmentos seleccionados delas, ou de monografías sobre aspectos históricos ou culturais da Grecia clásica o comentario de textos que fagan referencia aos contidos estudados.

O emprego das TIC será constante na materia, tanto na presentación de material e recursos audiovisuais, como na elaboración por parte do alumnado de traballos monográficos (busca de información, selección de contidos textuais e gráficos, a propia elaboración de documentos ou presentación dixitais, etc.) para a súa exposición.

g) Criterios de cualificación e promoción :

O feito de tratarse dunha lingua e a metodoloxía empregada, baseada nun permanente control da actividade dos alumnos e da evolución dos progresos adquiridos, condiciona que o procedemento de avaliación sexa o de avaliación continua; polo tanto, valorarase o traballo dos alumnos na aula e na casa, e terase en conta para aplicar o redondeo, de cara a cualificación na avaliación. En cada avaliación haberá dúas probas:

1ª proba: 40% da nota da avaliación

2ª proba: 60% da nota da avaliación

Empregarase o sistema numérico de 0 a 10, e considérase superada a materia si a cualificación é igual ou superior a 5.

Caso de constatarse que un alumno fixo un exame fraudulento, a nota dese exame será 0 e así contará a todos os efectos.

En cada avaliación haberá dúas probas: a súa estrutura será a marcada pola CIUG de cara á preparación da ABAU.

Para o cálculo do redondeo na nota final, valoraranse as intervencións orais en clase, a resolución de actividades propostas (traballo diario) e os traballos de investigación realizados.

Na corrección de traballos e exames escritos valorarase, ademais do dominio dos contidos propios da materia, a corrección na expresión (adecuación, coherencia, cohesión), na ortografía e na presentación (caligrafía, limpeza, marxes).

O carácter progresivo da maior parte dos contidos da materia, propicia unha AVALIACIÓN CONTINUA, na que a superación de cada proba implica o dominio sobre os contidos anteriores. Isto fai que non se realicen probas de recuperación propiamente ditas, salvo para os contidos de literatura (probas ad hoc antes de final de curso).

h) Actividades de recuperación:

Como se determinou, a elección do procedemento de avaliación continua non fai necesaria a realización de probas especiais de recuperación, senón que cada avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior. Segundo isto, as probas que se realicen incluírán, ademais das cuestións relativas á materia correspondente a esa avaliación, outras de avaliacións anteriores, que permitan comprobar o grao de asimilación e retención dos contidos de anteriores avaliacións. Trátase, así, de fomentar nos alumnos un espírito de superación constante, estimulando que en ningún momento o alumno, ante uns malos resultados iniciais, sinta a tentación de abandonar, senón que comprenda que en todo momento ten o control da materia se o aborda con esforzo, vontade e constancia.

Os alumnos que non puidesen superar a materia na avaliación ordinaria, teñen o dereito a una proba extraordinaria no mes de xuño; os seus contidos, obxectivos e criterios de avaliación serán en todo similares aos da terceira avaliación, sen rebaxar en absoluto os niveis mínimos

esixibles.

i) Alumnado coa materia pendente:

Non hai este curso alumnado coa materia grego I pendente.

k) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato:

Non hai alumnado no presente curso nesta situación.

l) Contribución ao Proxecto Lector:

Faranse en voz alta na clase lecturas de textos gregos en adaptacións, en galego e castelán, de autores e obras representativos dos distintos xéneros da literatura grega antiga; trátase deste xeito de poner ao alcance de lectores en formación obras clave da tradición literaria do mundo clásico, sen renunciar, na súa reelaboración, á calidade literaria dos propios textos.

Determinaríamos contribuir ao proxecto lector do centro coas seguintes lecturas obrigatorias plantexadas por avaliación:

1ª Avaliación:

Lectura dalgúns cantos da Iliada.

2ª Avaliación:

Unha traxedia de Sófocles: Edipo Rei

Unha comedia de Aristófanes: Asambleístas.

3ª Avaliación:

Selección e poemas líricos gregos.

m) Materiais e recursos didácticos:

No presente curso non se emprega un manual ou libro de texto obrigatorio. O alumnado vai elaborando, por medio dos apuntes tomados na clase, o seu propio material de estudo e consulta. Se entregará material en soporte físico (oracións e textos seleccionados, cadros morfolóxicos...) pero se recorrerá constantemente a recursos dixitais, fomentando o uso das TIC.

Outros materiais a empregar serían os mapas históricos en soporte dixital, documentais sobre aspectos concretos da civilización, textos para a lectura de autores clásicos gregos adaptados ou coidadas traducións de obras orixinais, que forman parte dos fondos bibliográficos da nosa Biblioteca.

Será obrigatorio o uso do diccionario, recomendando o diccionario manual Griego Clásico-Español de J.M. Pabón de VOX.

n) Medidas de atención á diversidade: Non hai ningún caso contemplado no presente curso

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS:

Está previsto á asistencia ás Xornadas de Teatro Grecolatino na Coruña.

Está prevista a conferencia no centro da profesora do Departamento de Grego da Facultade de Filoxía da USC Teresa Amado.

CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN:

Os criterios utilizados para avaliar a programación son os seguintes:


- 1.-A adecuación de obxectivos, contados e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

INFORMACION AO ALUMNADO:

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas elaboradas por cada un dos Departamentos do IES Isaac Díaz Pardo ao conxunto da comunidade educativa e, en particular, ao alumnado e ás súas familias, as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas que lles corresponda a súa titoría legal, na páxina web do centro.

En Sada, 30 de setembro de 2023.

Asdo. M^a Julia Losada González



Xefa do departamento de Latín.

REFERENCIAS LEGAIS.-

Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), 8/2013, de 9 de Decembro.

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico das etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia en competencia para o desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal.